



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE XUÑO DE 2010

1.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas para a contratación das OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA EDIFICACIÓN DESTINADA A ESCOLA INFANTIL EN SALGUEIRIÑOS.

Apróbase o proxecto básico e de execución, redactado pola empresa ARQUITAV ARQUITECTOS SLP, así como o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 966.379,32 euros, IVE incluído. Esta contratación forma parte das acutacións incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo aos fondos FEDER.

2.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas para a contratación do PROXECTO DE RESTAURACIÓN DO MONTE DE DEUS, FASE II.

Apróbase o proxecto redactado pola empresa CONSULTORES DE MEDIO AMBIENTE Y DESARROLLO, SL, así como o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 123.557,67 euros, IVE incluído. Esta contratación forma parte das acutacións incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo aos fondos FEDER.

3.- Solicitud de licenza de obras de apertura dun hotel.

Apróbase a seguinte licenza:

LAP/20/2009.- Rafael Hernández Liébanas.- licenza de obras e apertura dun hotel na rúa Xelmírez, nº18.

4.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á validación da medida "Bolsas de comedor escolar" como de conciliación de promoción autonómica.

Dáse conta da resolución da Secretaria Xeral da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, pola que se procede a conceder a validación da medida municipal de conciliación "Bolsas de Comedor escolar".

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Secretaría Xeral de Emigración.

Apróbase a sinatura do devandito convenio para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para inmigrantes extracomunitarios neste concello para o ano 2010. A Xunta achega a cantidade de 60.000 euros e o Concello, 30.000.

6.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude á Consellería de Medio Rural dunha axuda para actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na REDE NATURA 2000.

Acórdase solicitar a devandita subvención.

7.- Expedientes en materia de contratación.

- Adxudícase definitivamente o **servizo de implementación do programa municipal de Dinamización Comunitaria, a desenvolver no ámbito territorial municipal**, á entidade IGAXES3 por importe de 5.000 euros, IVE incluído.

- Adxudícase provisionalmente o **servizo de implementación do programa municipal de Acción Educativa na Rúa, a desenvolver no ámbito territorial municipal** á empresa ATALAIA SOCIAL, SLNE por importe de 4.125,7 euros/mes, IVE incluído, e un prazo de execución de 6 meses.
- Adxudícase definitivamente o **servizo da escola municipal de verán de Inglés “English Summer School”** á empresa PICADILLY SCHOOL OF ENGLISH, SL, por importe de 31.000 euros máis IVE.
- Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a contratación da **Prestación do servizo de Dinamización Social, Igualdade de Oportunidades, Formación e Educación de colectivos en risco de exclusión do proxecto europeo urbana, pertencente á iniciativa comunitaria “Santiago Norte”** do Fondo FEDER da Unión Europea, por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 700.000 euros, IVE incluído, para as anualidades 2010-2013.
- Adxudícase provisionalmente o contrato de **arrendamento do material de son e iluminación previsto para os concertos que terán lugar na Praza da Quintana durante as festas do Apóstolo 2010** organizados pola Concellería de Festas a D. Alberto José Casas López por importe de 52.869,9 euros, IVE incluído.